



Coruña)

CONCELLO DE TORDOIA.- (A

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 E-mail:correo@tordoia.gal https://sede.tordoia.gal/

Dada a necesidade deste Concello de executar o proxecto "REFORZO E EXTENSIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA AO PARQUE EMPRESARIAL DE ANXERIZ", elaborado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Rojo Losada, enxeñeiro técnico industrial, colexiado nº 2.525, en Xullo de 2024, con motivo da concesión dunha subvención por Resolución da Consellería de Economía e Industria do 07/06/2024, pola que se concede unha subvención para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que da servizo ao parque empresarial do concello, o abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención destinadas ao reforma e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parque empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519D), para un investimento solicitado de 719.823,51.-€, co seguinte cadro:

INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	%CONCEDIDO	SUBVENCIÓN 2024	SUBVENCIÓN 2025	SUBVENCIÓN 2026
700.826,65€	560.661,32 €	80,00%	56.066,13 €	140.165,33 €	364. 429,86 €

Visto que o importe previsto para este contrato como orzamento base de licitación (IVE excluído) ascende á cantidade de 594.895,46 euros, sendo de IVE 124.928,05.- euros o que fai un total de 719.823,51.- euros IVE engadido.

Visto que o órgano de contratación para este contrato é o Alcalde da Corporación.

Dada a característica da obra, parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto simplificado.

Por todo isto,

DISPOÑO:

PRIMEIRO. Que a interventora emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO. Que a Secretaria emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir.

TERCEIRO. Que se redacte o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación adaptado aos pregos tipo da Deputación, utilizando o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

CUARTO. Que a interventora faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e que

emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto ou no caso de tramitación anticipada do gasto, emita Informe RC de futuros, con cargo aos Orzamentos.

QUINTO. Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato procedemento aberto simplificado.

En Tordoia, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE
Eduardo Antonio Pereiro Liñares
(asinado dixitalmente)